



# CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

## Instrucción 6/2020 sobre a reincorporación ao traballo presencial das/dos empregadas/os públicas/os do Concello de Bergondo

A presente Instrucción dítase ao abeiro do disposto no artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

### 1. Antecedentes

O día 13 de marzo de 2020, antes de que o Goberno central proclamase o Estado de alarma, e ante a situación xerada naqueles momentos en relación coa epidemia do Coronavirus, e seguindo a liña marcada polo propio Goberno Central e pola Xunta de Galicia, en concreto o establecido nas Resolucións publicadas no DOG de 12 de marzo núm, 49-Bis, o Concello de Bergondo, coa finalidade de preservar a saúde dos seus traballadores/as e colaborar cos organismos oficiais, ditou a Instrucción 2/2020 pola que se trasladaba aos seus empregados/as as seguintes as recomendacións de hixiene marcadas nas citadas Resolucións e as publicadas nas últimas horas e con respecto ao traballo, favoreceráse o teletraballo e a flexibilización horaria.

O mesmo 13 de marzo, a Xunta de Galicia, publicaba no DOG núm. 50 bis), a *Resolución do 13 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.*

Ante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE núm. 67 da mesma data do Goberno do Estado polo que se declarou o estado de alarma e a Xunta de Galicia, as Resolucións ditadas o 15 de marzo de 2020, publicadas no DOG núm.51 da mesma data, o Concello de Bergondo, xa comunicou aos seus empregados que o luns 16 de marzo, non acudisen aos seus postos de traballo, agás os responsables dos servizos e os requiridos pola alcaldía ou concellería delegada correspondente.

O luns 16 de marzo, ditouse a Instrucción núm. 3/2020, na que, coa finalidade de preservar a saúde dos seus traballadores/as e colaborar cos organismos oficiais, traslada aos seus empregados/as o seguimento das recomendacións de hixiene marcadas nas citadas Resolucións, nas indicadas na Instrucción 2/2020 e as publicadas nas últimas horas e con respecto ao traballo, favoreceráse o teletraballo ou traballo dende os domicilios e a flexibilización horaria, como se indicara na anterior Instrucción 2/2020 e nas comunicacións dirixidas a todos os/as empregados/as públicos municipais a través de wasap.

Resolveuse tamén que as oficinas do Concello de Bergondo permanecerían pechadas ao público, en tanto durase o Estado de Alarma decretado polo Goberno do Estado ou as súas prórrogas. E que a atención ao público canalizárase de 9:00 a 14:00 horas, de xeito telefónico no teléfono 981791252, e de xeito telemático, a través da Sede electrónica municipal, as 24 horas ao día todos os días da semana, tal e como se ten indicado na publicación deste Concello na web municipal [www.bergondo.gal](http://www.bergondo.gal)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

O Consello de Ministros na súa reunión de 28 de abril de 2020, aprobou o Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia do COVID-19.

O citado Plan aprobado polo Goberno do Estado estableceu o levantamento das medidas de contención de modo gradual, asimétrico, coordinado coas comunidades autónomas e adaptable aos cambios de orientación necesarios en función da evolución dos datos epidemiolóxicos e do impacto das medidas adoptadas.

O seu obxectivo fundamental era conseguir que, mantendo como referencia fundamental a protección da saúde pública, recupérese paulatinamente a vida cotiá e a actividade económica, minimizando o risco que representa a epidemia para a saúde da poboación e evitando que as capacidades do Sistema Nacional de Saúde poidanse desbordar. O Plan establece unha fase cero ou preliminar e tres fases de desescalada diferenciadas en función das actividades permitidas en cada unha delas, polas que poderán transitar os diferentes territorios en función de diversos parámetros, criterios e indicadores nel contemplados, ata chegar á Fase III, na que se poñerá fin ás medidas de contención, pero manterase a vixilancia epidemiolóxica, a capacidade reforzada do sistema sanitario e as medidas de autoprotección da cidadanía. A Comunidade Autónoma de Galicia pasou á Fase II o luns 25 de maio.

O Concello de Bergondo, consciente da importancia dos obxectivos fixados polo citado Plan de desescalada, encargou á empresa competente na materia TAPREGA PREVENCIÓN DE RIESGOS SL, a elaboración dun **Plan de Continxencia**, negociado cos representantes dos traballadores, que recolle o establecemento das pautas de actuación que permitan a continuidade da prestación dos servizos garantindo a seguridade e saúde do persoal fronte á exposición ao COVID-19. Ditas pautas inclúen as medidas preventivas a adoptar durante a realización de desprazamentos, medidas de hixiene persoal, así como medidas organizativas no caso de presenza física en oficinas e/ou traballos no exterior en contacto con cidadáns ou outros compañeiros. O desenvolvemento do citado Plan supuxo, entre outros aspectos, acometer obras de acondicionamento nos edificios municipais nos que se desenvolve o traballo polos/as empregados/as municipais.

Tamén, avanzando no proceso preventivo descrito e programando axeitadamente os seguintes pasos a seguir, ditouse a Instrución núm. 4/2020, na que se establecía un protocolo de actuación para marcar a reincorporación gradual dos e das empregados/as públicos/as ao traballo presencial, establecendo para o efecto todas as medidas preventivas necesarias para evitar ou minimizar o risco de contaxio, sendo o seu obxectivo fundamental, retornar á actividade seguindo estritamente as recomendacións das autoridades sanitarias e tras aplicar as medidas que se teñan definido no correspondente plan, sobre a premisa de que en ningún caso se procedería a recuperar a actividade senon se cumprían ámbolos dous criterios.

O prazo de tres meses dende a finalización do Estado de alarma, sinalado no Real decreto-lei 15/2020, de 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar á economía e o emprego, que no seu artigo 15, prorrogou a vixencia do establecido nos artigos 5 e 6 do Real Decreto Lei 8/2020, de 17 de marzo, estabelcendo que *“De acordo co previsto no segundo parágrafo da disposición final décima, da Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, prorrógase o establecido nos artigos 5 e 6 da devandita norma. O contido destes artigos manterase vixente durante os dous meses posteriores ao cumprimento da vixencia prevista no parágrafo primeiro da disposición final décima da Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, modificado pola Disposición Final 1.17 da Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo...”*, rematou o pasado 21 de setembro de 2020.

Pola Instrución núm. 5/2020, desta alcaldía acordouse a continuación da situación laboral actual dos/as empregados/as públicos municipais ata o 30 de setembro de 2020, e pola núm. 5bis/2020, prorrogouse ata o 4 de outubro de 2020.



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Agora procede establecer as liñas que marcarán esa situación laboral a partir do 5 de outubro de 2020, e en tanto dure a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia declarada pola Resolución do 13 de marzo de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, publicada no DOG núm. 50.bis) do 13.03.2020.

A citada Resolución, como ben recolle no seu punto primeiro, permite a reorganización funcional dos servizos administrativos en tanto esteamos nesta situación.

Esta Instrución someteuse á consideración dos representantes dos empregados públicos municipais.

### 2. Ámbito de aplicación.

As previsións contidas na presente Instrución resultarán de aplicación a todo o persoal empregado público en todos os sectores administrativos e funcionais do Concello de Bergondo, co obxecto de regular e avanzar na reincorporación gradual dos e das empregados/as públicos/as ao traballo presencial.

### 3. Reincorporación presencial ao posto de traballo

Mediante a presente instrución establécese o procedemento de avance na reincorporación ao traballo presencial dos/das empregados/as públicos/as do Concello de Bergondo comezada mediante a Instrución núm. 4/2020.

Recórdaselle a todo o persoal a necesidade do cumprimento das medidas de contención do COVID-19 recollidas no Plan de continxencia elaborado e aprobado polo Concello de Bergondo, do que se deu traslado a tódolos/as empregados/as públicos/as municipais.

Nesta nova fase, a atención ao público será presencial tódolos días laborables, en tódolos servizos municipais, manténdose o sistema de cita previa instaurado pola Instrución núm. 4/2020 desta alcaldía, coas seguintes novas instrucións:

- Os conceptos básicos que completarán a reincorporación presencial aos postos de traballo, será o traballo a distancia, entendido como a forma de organización do traballo ou de realización da actividade laboral consonte a cal ésta préstase no domicilio do persoa empregada pública ou no lugar elixido por esta, durante parte da súa xornada laboral, con dúas modalidades: modalidade de traballo a distancia dos empregados/as con fillos menores de 16 anos, e modalidade de traballo a distancia do resto dos/as empregados/as, sempre que sexa compatible coa natureza do posto de traballo, garantindo a óptima prestación dos servizos públicos e asegurando o cumprimento das necesidades do servizo.

- As notas definidoras do traballo a distancia serán a voluntariedade do/a empregado/a público/a e do concello e o seu carácter reversible para o/a empregado/a público/a e o concello.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

- O traballo a distancia só poderá solicitarse e concederse no caso de dispoñer o/a empregado/a público/a de medios para súa prestación dende o seu domicilio.

- O traballo presencial realizarase polo/a empregado/a público/a no seu horario habitual de xornada de inverno que viña facendo e do que ten xa coñecemento esta alcaldía. No caso de querer variarlo, deberá comunicalo por escrito a esta alcaldía, debendo cumprir sempre a xornada de traballo segundo se regula no Convenio Colectivo e Acordo regulador das condicións de traballo do Concello de Bergondo, coas particularidades que se regulan por medio desta Instrución.

- Os/as empregados/as públicos/as con fillos menores de 16 anos poderán solicitar ata un máximo de dous (2) días e a xornada de tarde semanais, en réxime de traballo a distancia e/ou flexibilidade horaria (na xornada presencial, realizando as horas que se ausenten do posto presencial e ata completar a xornada diaria correspondente, en réxime de traballo a distancia)

O resto dos/as empregados/as públicos/as poderán solicitar a realización de traballo a distancia ata un máximo dun día e a xornada de tarde semanais.

- Os postos de traballo dos servizos municipais que non poderán aplicar estas modalidades de traballo a distancia e nos que só é factible a modalidade presencial son: vías e obras, policía local, conserxes, limpadora e auxiliares de axuda no fogar.

- En aras a garantir o servizo público esencial de Rexistro e Información e Atención ao público, no Servizos de Rexistro xeral e atención ao público e Urbanismo traballarase presencialmente por quendas, en turnos rotatorios, de xeito que un dos/as empregados/as públicos/as asistirá presencialmente ao seu posto de traballo e o/a compañeiro/a exercerá o réxime de traballo a distancia, atendendo éste telefónicamente e por correo electrónico ao público, dando as citas previas e desenvolvendo os traballos propios do seu posto de traballo que se poden desenvolver neste réxime.

O Concello facilitará, a través dunha centralita virtual, a citada atención telefónica.

- Dado que a prioridade municipal é a atención presencial, garantirase sempre a presenza de persoal de atención ao público en tódolos servizos municipais, polo tanto non poderán coincidir os/as empregados/as públicos/as do mesmo servizo nos días de traballo a distancia. Para acadar este fin, deberán coordinarse os/as empregados/as públicos/as de cada servizo. Priorizarase o mutuo acordo entre os/as empregados/as de cada servizo; de non acadalo, terá prioridade na elección o que teña fillos/as de menor idade.

- O traballo a distancia ou teletraballo deberá ser solicitado polo/a empregado/ público/a á alcaldía, con indicación do horario a realizar, e con posibilidade de autorización da súa modificación, por razóns xustificadas.

#### **4. Modificación dos horarios de atención ao público**

O horario habitual de atención presencial ao público, en tódolos servizos, será como mínimo obrigatorio de 9:00 a 14:30 horas, de luns a venres.

O mesmo horario rexerá para a atención ao público de xeito telefónico ou telemático.



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

### 5. Cita previa e coordinación de actividade empresariais

Mantense a regulación da cita previa establecida pola Instrución núm. 4/2020, agás no punto relativo ao horario, que será o que se establece nesta Instrucción.

Tamén mantense a cooperación das empresas externas ao Concello da Bergondo cuxo persoal desenvolva o seu traballo nos edificios do concello (tales como mantemento, limpeza, asistencia técnica,...) na aplicación das medidas de prevención da infección do COVID-19, nos termos da Instrucción núm. 4/2020.

### 6. Vixencia

A presente Instrucción entrará en vigor o 5 de outubro de 2020, logo de audiencia dos representantes dos empregados públicos, e darase traslado da mesma á Comisión Municipal de Seguemento do COVID-1.

Este documento será obxecto de revisión continua, especialmente en atención ás obrigas e ás recomendacións que diten as autoridades sanitarias, e garantindo tamén a debida atención dos servizos públicos.

Así mesmo, se se produce unha variación nas circunstancias epidemiolóxicas da infección ou un rebrote da enfermidade, adoptaríanse as medidas oportunas ao respecto.

A presente instrucción será obxecto de difusión entre os/as empregados/as públicos/as mediante a súa notificación por correo electrónico corporativo e no Portal de Transparencia municipal.

Bergondo, 30 de setembro de 2020

A alcaldesa-presidenta

Alejandra Pérez Máquez